



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **943 (11/PNC-000069)**, sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan para adaptar os puntos de encontro familiares á actual situación de pandemia, a creación doutros novos e a mellora da situación do de Pontevedra, que figura na orde do día da Comisión 1ª, prevista para o vindeiro 9 de outubro de 2020.

Emenda de substitución

Substituír o punto número 2 da parte resolutiva polo seguinte texto:

“2.- A creación dun Punto de Encontro Familiar en todas as cabeceiras de comarca de Galiza que, cando menos, conte con dous xulgados de primeira instancia e/ou instrución, mellorando, deste xeito, as listas de agarda, evitando así os traslados das familias e garantindo un menor número de persoas usuarias por cada centro o que é recomendable na situación de pandemia que vivimos. En todo caso, priorizarase a xestión pública directa dos PEF.

3.- Analizar a localización, estado e condicións dos Puntos de Encontro Familiar, realizando os cambios e adaptacións oportunas que procedan, en todo caso, nos PEF de Ourense e Pontevedra.”





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/10/2020 11:09:09

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2020 11:09:13



Á Mesa da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co labor desenvolvido por todas as persoas e institucións que denunciaron o espolio e participaron na recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás, así como a demanda que debe formular o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto (11/PNC-000205, documento número 2110)

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“4 bis. O Parlamento de Galicia recoñeza a dedicación e o esforzo de todas as persoas, así como das entidades públicas e privadas que coa súa aportación e impulso fixeron posible unha sentenza histórica que, aínda pendente de recurso, fai posible a recuperación do pazo de Meirás, que fora obtido de forma fraudulenta polo ditador Francisco Franco.

4 ter. O Parlamento de Galicia recoñece, de maneira especial, o labor da Dirección Xeral de memoria histórica do Goberno de España e do propio Goberno de España, que instou á recuperación do pazo mediante a demanda presentada o 10 de xullo de 2019.”

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:23:23
Nº Rexistro: 3277
Data envío: 08/10/2020 17:23:23.116

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/10/2020 17:22:51

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 17:23:00

